



CARMEN LÓPEZ VILLAR (1 para 2)

Dirección de Xestión
03/09/2024
HASH: 5b632259228368f648cccdca24fe2e



Ángel Moldes Martínez (2 para 2)

Alcalde. Sinatura: 03/09/2024
HASH: 8cdf658e3df7e5e348baa90e19e6206



CONCELLO DE POIO

N. Expediente	631/2024
F. Apertura	21/02/2024
Serie documental	S0285 - Contratacións de subministración por procedemento aberto simplificado
Asunto	Subministración uniformidade para Protección Civil. Tramitación anticipada
Trámite	Acta Mesa de contratación

Día da realización: 27 de agosto de 2024

Hora de comezo: 10:00 horas

Lugar de realización: Salón de Sesións

Asistentes:

Ángel Moldes Martínez, Presidente

Carmen López Villar, Secretaria

Juan F. Sánchez González, Vocal

Olga Fernández Rodríguez, Vocal

Jose L. Arias Rodríguez, Vocal

1º.- Acto de apertura e cualificación da documentación administrativa.

A Secretaria deste órgano procede a dar lectura á empresa que se presentou ao procedemento de contratación e que é a que se relaciona:

Licitadora	CIF	Data e hora de presentación
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	B36112043	27.06.2024 12:15

De seguido, en sesión non pública, procédese á apertura do sobre electrónico que contén a documentación administrativa presentada pola entidade mencionada.

Á vista de que a empresa licitadora achega a declaración responsable segundo o modelo establecido no PCAP a Mesa, de conformidade co establecido no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) por unanimidade, acorda admitir á licitación á empresa presentada.

2º.- Acto de apertura da oferta que depende de criterios automáticos.-

A empresa presentou polo Rexistro Xeral do Concello, número de rexistro 2024-E-RC-2885, do 27.06.2024, mostra de todos e cada un dos artigos enumerados no prego de prescricións técnicas coas fichas correspondentes, comprobándose pola Mesa que se cumpre co especificado no PCAP e PPT.

A continuación, procédese á apertura electrónica da oferta avaliable mediante fórmulas, segundo establece o prego de cláusulas administrativas, co seguinte resultado:

Concello de Poio

Praza do Mosteiro, Nº1, Poio. 36995 (Pontevedra). Tfno. 986770001. Fax: 986771277





EMPRESA	Oferta económica	Redución prazo entrega	Incremento Garantía
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	4% (porcentaxe desconto)	-Roupa feita a medida: 10 días -Roupa distinta á feita a medida: 5 días	12 meses

3º.- Acto de valoración das ofertas avaliáveis mediante criterios automáticos:

A Mesa comproba que a oferta económica non é anormalmente baixa e que os prezos unitarios (sen engadir IVE) non superan os prezos establecidos na licitación, polo que se cumpre co especificado no PCAP e PPT.

Tendo en conta que trátase dunha única oferta presentada, corresponde aplicar a puntuación máxima.

EMPRESA	Oferta económica	Redución prazo entrega	Incremento Garantía	PUNTUACIÓN TOTAL
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	20	10	15	45,00

4º.- Clasificación de ofertas:

LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE ÚNICO	Posición
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	45,00	1º

5º.- Proposta de adjudicación e requirimento de documentación.- A vista do resultado obtido a Mesa de contratación, por unanimidade, realiza proposta de adjudicación e requirimento de documentación a favor de **PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.**

A empresa consta inscrita no REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Requirir á empresa PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación constitúa a garantía definitiva polo importe do 5% da oferta presentada sen engadir o iva, así como para que aporte o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por finalizados os actos mencionados anteriormente e levanta a sesión, do que eu, Secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente á marxe na data indicada
(Sen prexuízo da data da súa realización)

Concello de Poio

Praza do Mosteiro, Nº1, Poio. 36995 (Pontevedra). Tfno. 986770001. Fax: 986771277

